

EUROPE DIRECT A CORUÑA CELEBRA O DÍA DE EUROPA CUN ESPECTÁCULO DE MAXIA POLOS VALORES, SÍMBOLOS E OPORTUNIDADES DA UNIÓN EUROPA

Publicado por notici20 | May 4, 2023 | A CORUÑA, ESPAÑA, GALICIA | 0    

 EUROPE DIRECT A Coruña celebra o Día de Europa cun espectáculo de maxia polos valores, símbolos e oportunidades da Unión Europea

EUROPE DIRECT A Coruña convida á cidadanía a celebrar o Día de Europa cun espectáculo de maxia para descubrir os valores e as oportunidades da Unión Europea dun xeito lúdico. A representación terá lugar ás 18 horas do 9 de maio na sala Manuel López da Biblioteca Provincial da Coruña.

‘A Maxia de Europa’ reúne xogos, trucos, ilusións e humor para realizar unha viaxe máxica e dinámica para maiores e pequenos a través dos valores, símbolos, beneficios e algún dos programas da Unión Europea. O público asistente poderá seguir os trucos de maxia realizados coas bandeiras europea e dos estados membro ou a moeda común, entre outros elementos. O espectáculo estará guiado polo mago Pedro Bugarín, un ilusionista con máis de 15 anos de experiencia no seu eido e que tamén ten vivido múltiples experiencias de mobilidade en Europa.

O aforo da sala é limitado polo que, para asistir, é preciso reservar praza no seguinte formulario:

<https://www.dacoruna.gal/biblioteca/actividades>

A función do Día de Europa será a primeira dun espectáculo que visitará varios concellos da provincia durante os meses de verán. Dentro da programación da iniciativa Europa no teu Concello, que busca achegar e descentralizar a información sobre a Unión Europea a toda a cidadanía da provincia, ‘A maxia de Europa’ chegará no mes de agosto a Pontedeume, Fene, Rois, Dumbria, Sada, Lousame, Valdoviño e Cabanas. Toda a información dispoñible está recollida na páxina

<https://www.dacoruna.gal/europedirect/europe-direct-coruna/agenda/2023/la-magia-de-europa/>

EUROPE DIRECT A Coruña é un centro de información oficial da Comisión Europea que pertence á Deputación da Coruña. A misión do centro, que iniciou a súa traxectoria no ano 1996, é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación en temas europeos, así como proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE. Tamén axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral das sensibilidades locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.

COMPARTIR:



TARIFA:



< ANTERIOR

SIGUIENTE >

Formoso reitera o apoio do PSdeG para dotar de “seguridade xurídica” ás empresas do litoral, pero advirte ao PP que non consentirá “pelotazos urbanísticos” na costa




O planos de avance de Plan Xeral de Cambre clasifícan como zona verde un tramo do trazado do vial 11

SOBRE EL AUTOR






notici20

ARTÍCULOS RELACIONADOS




ARTÍCULOS RELACIONADOS



Ponteceso busca o apoio da Xunta para conseguir 80.000m² de espazo público

Alumnado do CEIP Otero Pedrayo pinta no colexio un mural pola igualdade por

“La Entrega” ganador de los XXI Premios Mestre Mateo, un mes despois de su na



Comezan os traballos de mellora da estrada provincial entre Sarria e Paradela

22 de agosto de 2023

Convenio de espazo público para aparcamentos e espazos libres

1 de febrero de 2023

María por iniciativa do Concello da Laracha

19 de mayo de 2023

En tres etapas de sa peña por los Goya

13 de marzo de 2023

DEJA UNA RESPUESTA

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

COMENTARIO

NOMBRE *

CORREO ELECTRÓNICO *

WEB

PUBLICAR COMENTARIO

21 N

Texto Legal | Política de Privacidad y de Cookies

CONTACTO CON 21NOTICIAS

redaccion@21noticias.com

publicidad@21noticias.com

direccion@21noticias.com

admin@21noticias.com

